

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE QUE
CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 16/08/2018,
EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.**

**ASISTENTES
Concelleiros**

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado

**Concelleiros
Partido Popular (PP)**

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes
Non asiste
María Rocío Mariño López
(Con excusa)

ORDE DO DÍA

- 1º.- Ratificación, da urxencia da convocatoria.-
- 2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.-
- 3ª.- Aprobación, se procede, Proxecto Reordenación do Mercado de Fisterra para uso coma mercado mariñeiro e cultural ano 2018 Subvencionado pola Excma Diputación provincial.-
- 4º.-Adxudicación definitiva Concesión Administrativa Locais 1 e 2 da zona do Faro Fisterra.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 21:15 horas, do día 16/08/2018, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello baixo a **Presidencia do Sr. Alcalde, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, **coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria urxente do Pleno da Corporación,** coa seguinte:**

- 1º.- **Ratificación, da urxencia da convocatoria.-**

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda Ratificar a urxencia da convocatoria coa finalidade de aprobar o Proxecto para Obra da Casa da Cultura con Subvención da Excma Diputación provincial así como adxudicar definitivamente a concesión administrativa licitada sobre os locais municipais 1 e 2 emprazados nas inmediacións do Faro Fisterra.-

2º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

Deisaxe sobre a mesa a do día 3 de Agosto de 2018 ó non terse redactado.-

3ª.- Aprobación, se procede, Proxecto Reordenación do Mercado de Fisterra para uso coma mercado mariñeiro e cultural ano 2018 Subvencionado pola Excma Diputación provincial.-

Ó non estar completo o Proxecto Básico e de Execución para levar a cabo a obra denominada " Mercado Cultural - Reestructuración para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra " en virtude de Convenio coa Excma Diputación Provincial, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda deixar o asunto sobre a mesa ata a próxima sesión.-

4º.-Adxudicación definitiva Concesión Administrativa Locais 1 e 2 da zona do Faro Fisterra.-

LOCAL 1

A) Examinado o expediente tramitado ao efecto e vista a proposta efectuada por parte da Mesa de Contratación reunida os días 1 e 3 de Agosto de 2018, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Adxudicar definitivamente a Silvia Martínez Fernández, a concesión administrativa para xestión do uso privativo do dominio público no Local número 1 sito nas inmediacións do Faro de Fisterra (Monte do Cabo) con destino á venda de recordos, souvenirs e artesanía (excluídos os produtos alimenticios) con estrita suxeción ó Prego de condicións económico administrativas que serviron de base á licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia número 111 de 13 de Xuño de 2018 por un importe de Trinta mil setecentos corenta e tres euros con oitenta e un céntimos (30.743,81 €) e un Imposto sobre Valor Engadido por importe de Seis mil catrocentos cincuenta e seis euros con dezanove céntimos (6.456,19 €) e unha duración de DEZ ANOS (Cláusula 8) non podendo ser obxecto de prórroga de conformidade co disposto no Artigo 80 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.-

2) Notificar dito acordo a adxudicataria para que non máis tarde dos quince días hábiles seguintes ó de recibo do mesmo proceda a formalizar o Contrato administrativo de conformidade co disposto na Cláusula 17 do Prego; recordándolle a obriga en que está implícita de efectuar o pago do Canon correspondente o ano 2018 con carácter previo a sinatura do citado contrato (Cláusula 6).-

Así mesmo notifíquese ós restantes licitadores por ser parte interesada no expediente cos recursos legalmente establecidos.

3) Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

B) Examinado o expediente tramitado ao efecto e vista a proposta efectuada por parte da Mesa de Contratación reunida os días 1 e 3 de Agosto de 2018, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda :

LOCAL 2

1) Adjudicar definitivamente a Manuel Martínez Fernández, a concesión administrativa para xestión do uso privativo do dominio público no Local número 2 sito nas inmediacións do Faro de Fisterra (Monte do Cabo) con destino á venda de recordos, souvenirs e artesanía (excluídos os produtos alimenticios) con estricta suxección ó Prego de condicións económico administrativas que serviron de base á licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia número 111 de 13 de Xuño de 2018 por un importe de Trinta mil cincocentos setenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (30.578,52 €) e un Imposto sobre Valor Engadido por importe de Seis mil catrocentos vinte e un euros con corenta e oito céntimos (6.421,48 €) e unha duración de Dez anos (Cláusula 8) a partires do día 19 de Setembro de 2018 non podendo ser obxecto de prórroga de conformidade co disposto no Artigo 80 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.-

2) Notificar dito acordo ó adxudicatario para que non máis tarde dos quince días hábiles seguintes ó de recibo do mesmo, e na data que sinalará esta Corporación, proceda a formalizar o Contrato administrativo de conformidade co disposto na Cláusula 17 do Prego; recordándolle a obriga en que está implícita de efectuar o pago do Canon correspondente o ano 2018 con carácter previo a sinatura do citado contrato (Cláusula 6).-

Así mesmo notifíquese ós restantes licitadores por ser parte interesada no expediente cos recursos legalmente establecidos.

3) Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

Interven o Sr. Traba Fernández do grupo popular manifestando " Sr. Alcalde sexa esixente e fagase vixiancia para que na zona do Faro de Fisterra non se poñan outros establecementos coa finalidade de non prexudicar a actividade que van realizar o adxudicatarios destes dous Locais en virtude da concesión administrativa outorgada.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:35 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.